

Comisión de Emprego da Mesa Xeral do Estado para tratar da Oferta de Emprego Público para o 2010. (xuntanza do 23 de marzo de 2010)

A xuntanza comeza de igual xeito que a do día 17; cos sindicatos “do foro” ausentándose pola presenza do sindicato USO, así que, unicamente, estamos presentes ELA, USO e CIG.

A representación da Administración facilita información (verbal) sobre o desglose das plazas que van saír en oferta libre. Peimeiro anuncia que en aplicación da taxa do 10%, unicamente, convocarán 674 plazas; distribuídas do seguinte xeito:

Grupo A1.- 150 plazas, dirixidas aos seguintes corpos e escalas: Careira Diplomática, Sanidad Penitenciaria, Inspectores de Facenda e Traballo, Inxeneiros Aeronauticos, Científicos titulares do CSIC, Investigadores de OPIs e Tecnoloxías da Información e Comunicación.

Grupo A2.- 140 plazas, dirixidas aos seguintes corpos ou escalas: Diplomados de Meteoroloxía, ATS de Institucións Penitenciarias, Xestión de Sistemas da Información, Inxeñeiros Técnicos Aeronauticos, Subinspectores de Facenda e Traballo e Xestión da Administración do Estado.

Grupo C1.- 260 plazas; non concretaron corpos ou escalas ás que irían dirixidas, aínda que anunciaron que na súa maioría (casi que totalidade) ao Corpo de Axudantes de Institucións Penitenciarias.

Grupo C2.- 0 plazas; para este grupo non haberá oferta libre. Advertiron que o Goberno estaba traballando nun plan de ordenación de Recursos Humanos consecuencia da supresión de organismos administrativos que se está planeando.

Persoal Laboral.- 116 plazas para persoal laboral de Convenio Único.

Respecto da **Promoción Interna** manteñen o anunciado na xuntanza do 17 de marzo (660 plazas en total) e que, de igual xeito que no turno libre, dirixiríanse aos sectores que teñen definidos como prioritarios.

Logo da información facilitada, **por parte da CIG plantexamos o seguinte:**

- 1.- Manifestamos a nosa queixa polo xeito de presentar a información; e solicitamos que se nos faciliten documentación sobre as vacantes xeradas durante o ano 2009 e as propostas concretas para o 2010.
- 2.- Traslamos a nosa preocupación polo deterioro dos servizos públicos consecuencia da falla de persoal cualificado para poder atendelos debidamente. Xa temos constancia de servizos que tiveron que pechar temporalmente por non dispor de persoal para atendelos, derivando aos cidadáns a outras unidades; coa mala imaxe que isto está a dar diante da xente e resultando que os que acaban pagando o pato son os compañeiros/as que dan a cara ao público.
- 3.- Non entendemos os motivos da redución de postos para convocar en promoción interna cando a Lei de Orzamentos e o Acordo de Consello de Ministros non fan limitación algunha a este respecto. Neste senso lembramos que os postos afectados pola taxa de reposición (10%) son, unicamente, as de oferta libre. A este respecto demandamos que, como viña sendo habitual en anos anteriores, os postos convocados en promoción se acheguen ao 50% das vacantes xeradas; isto suporía aproximadamente unhas 3000 plazas para promoción.
- 4.- Solicitamos que, tal e como se recolle no Decreto, se faga o posible para axilizar os procesos selectivos e que a xente que aproba poida incorporarse o antes posible.
- 5.- Solicitamos unha xuntanza para poder tratar sobre algúns temas relativos á xestión dos procesos selectivos.

A Coruña, 24 de marzo de 2010